



**EXTRACTO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 5 de novembro de 2018**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 5 de novembro de 2018 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 29/10/2018, que se aprobou por unanimidade.

Propuestas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2018/4833

Dáse conta da sinatura dun convenio de colaboración entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a **Asociación Inserta Empleo** para o desenvolvemento de actividades que favorezan a integración laboral de persoas con discapacidade, que ten por obxecto o establecemento dunha colaboración que sirva de referencia para o desenvolvemento de accións tendentes á promoción da integración social e laboral de persoas con discapacidade; a mellora da súa empregabilidade mediante o asesoramento e a formación adecuada; a sensibilización do municipio na necesidade de integrar socialmente ás persoas con discapacidade, e todas aquelas actuacións que a cooperación determinada no citado convenio poida ir aconsellando no futuro.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda ratificar a aprobación do convenio asinado.

PRP2018/4834

Dáse conta de informe da Policía Local en relación coa inspección ocular realizada o día 23 de outubro nas instalacións do Balneario da Praia Compostela, ao apreciarse danos nun cristal das ventás.

Indican que co fin de evitar o acceso de persoas ao seu interior e para que as condicións no interior do inmovible non empeoren, consideran conveniente proceder de novo ao peche de todos os accesos que puideran existir ao interior do mesmo.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda pedir orzamento para tapiado dos ocos do edificio.

Dar conta ao Servizo Municipal de Obras.



PRP2018/4835

Dáse conta do escrito presentado por Dona Nuria Patiño Vieites, como Presidenta da **CP Playa Compostela – Rosalía de Castro 92-98**, solicitando a sinalización con liña descontinua para facilitar a entrada de vehículos ao garaxe do edificio.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que a Avda. Rosalía de Castro é unha travesía que coincide coa estrada PO548, polo que a sinalización da mesma corresponde a Estradas de Galicia – Servizo de Infraestruturas, a quen deberán dirixir as súas peticións.

PRP2018/4837

Vista a proposta do Encargado do Servizo Municipal de Vías Públicas, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Automoción La Junquera SL** para a reparación do vehículo matrícula PO-1813-AU, adscrito ao Servizo de Mellora Rural (desmontar defensa dianteira para reparar de poliéster e pintar; cambiar faro dereito e regular luces; revisar bocina e reparar instalación eléctrica da mesma), por un importe total de 778,43 € (IVE incluído), con cargo á partida 454.214.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/4838

Dáse conta do escrito presentado por **D. Juan Francisco Vilas Lopez** solicitando que se adopten as medidas necesarias para garantir o correcto estado da canle do Río do Con ao seu paso por Arealonga, co fin de evitar o risco de inundacións.

A Xunta de Goberno Local queda Sabedora e acorda comunicarlle que xa se solicitou fai días ao Organismo Augas de Galicia, Administración competente na materia, para que procedese á limpeza das canles de ríos e regatos, incluído o Río do Con, Regato de Leiro, Tripeira, Faxilde, A Torre, Lomba e Santa Mariña.

PRP2018/4839

Dáse conta de escrito da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, Xefatura Territorial de Pontevedra contestando ás queixas formuladas por Dona Isabel Quintáns Muñiz, coa data de 15 de maio de 2018, e por un grupo de veciños, coa data 17 de setembro de 2018, en relación co servizo de transporte en Vilagarcía de Arousa.

Indica que de ambos escritos se dou traslado ás Empresas Exprés de Tabeirós SL, Empresa Pereira SL e Transportes José Núñez Barros SA, informando as citadas empresas que ao seu xuízo os tráxicos se atopan debidamente atendidos.

Lembran así mesmo que as posibles demandas ou necesidades de transporte das que se tivera constancia, deberán trasladarse dende os concellos á Administración Autonómica no marco das reunións e conversas do Plan de Transporte Público de Galicia (PTPG) que se está a elaborar.

A Xunta de Goberno Local queda sadebora e acorda remitir ás/os denunciante(s) copia do escrito enviado pola Xefatura Territorial para o seu coñecemento.

PRP2018/4840



Dáse conta do escrito remitido pola **Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa**, en relación co proxecto para a creación dunha infraestrutura municipal que poida acoller as distintas escolas municipais para os deportes náuticos e a práctica dos mesmos, no que indican a plena disposición para colaborar nesa iniciativa.

Para elo comunican que o Concello deberá elaborar un proxecto, que se estudará para verificar que cumpre cos requisitos fixados na Lei para poder beneficiarse da exención do pago da taxa de ocupación, e a Autoridade Portuaria, pola súa parte, promoverá a revisión do seu Plan Especial, xa que na actualidade, a parcela cuxa cesión se pretende, e que se corresponde coa antiga nave de Alfogar, non pode acoller actividades relacionadas coa ensinanza de deportes náuticos, polo que se fai necesaria unha modificación da catalogación urbanística dese terreo para posibilitar o uso que o Concello quere darlle.

A Xunta de Goberno queda sabedora e acorda solicitar á Xerencia de Urbanismo un informe sobre a necesidade de modificación do Plan Especial do Porto de Vilagarcía de Arousa, para dedicar a antiga nave de Alfogar a escolas deportivas municipais para a ensinanza dos deportes náuticos.

PRP2018/4841

Dáse conta de informe da Policía Local en relación con queixas recibidas por varios usuarios porque coa nova sinalización da Rúa Alejandro Cerecedo se eliminaron dúas prazas de estacionamento para persoas con discapacidade, situadas fronte ás casas sindicais Santa Rita, onde se sinalizou a reserva de parada do bus, o que complica moito o desprazamento dos/as usuarios/as, e propoñendo que se repoñan no tramo próximo de Alejandro Cerecedo, entre Arcebispo Andrade e Castelao, dado que nesta rúa non hai ningunha praza para estes/as usuarios/as.

A Xunta de Goberno queda sabedora e acorda que se proceda á sinalización de dúas prazas de estacionamento para persoas con discapacidade na situación proposta pola Policía Local. Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

PRP2018/4842

Dáse conta do escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco, como Presidenta do **Centro Comercial Aberto de Vilagarcía de Arousa Zona Aberta**, solicitando autorización para a realización da VII Media Maratón Solidaria Zona Aberta, o día 25 de novembro, dende as 10:00 ata as 13:00 horas, así como a colaboración municipal para o desenvolvemento da mesma.

Vistos os informes emitidos, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo poñerse en contacto co Servizo Municipal de Obras, Policía Local, Protección Civil e Fundación de Deportes aos efectos oportunos.

Dado que parte do percorrido se desenvolve por vías que non son de titularidade municipal, previamente ao desenvolvemento da proba deberá aportar as correspondentes autorizacións da Autoridade Portuaria e da Xefatura Provincial de Tráfico, para o peche da Estrada PO-548.

Acórdase así mesmo autorizar a colocación de carteis nos farois de alumeadado público.

Previamente á realización da actividade deberán aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para os participantes da mesma e unha vez rematada a actividade deberán proceder á retirada da cartelería.

Deberán designar unha persoa como director-coordinador responsable da seguridade da proba

Así mesmo a organización deberá contar cos medios materiais e humanos necesarios para a sinalización do circuíto e garantir a seguridade da proba.

Acórdase así mesmo autorizar o Servizo Extraordinario na Policía Local para cubrir os puntos de máis perigo e complicación do tráfico.



ASUNTOS DE BENESTAR SOCIAL

Benestar Social

PRP2018/4862

Dáse conta da sinatura dun convenio de colaboración coa **Asociación Española contra o Cancro**, para a concesión dunha subvención por importe de 1.500,00 € para o desenvolvemento de actuacións e intervencións encamiñadas á sensibilización en relación a enfermidade do cancro, así como á atención integral a persoas afectadas e a súa contorna durante o ano 2018, con cargo á partida orzamentaria 231.48002.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2018/4863

Dáse conta de certificación emitida pola Xefatura Territorial de Traballo e Benestar de Vigo en relación co pagamento do Servizo de Axuda no Fogar correspondente ao 3º trimestre do ano 2018, coa seguinte desagregación:

- Mes de xullo: 28.860,99€
- Mes de agosto: 29.178,32€
- Mes de setembro: 30.652,36€

Regularizacións do/s períodos 01/04/2018-30/06/2018: -148,28 €

Total nómina neta 3º trimestre: 88.543,39€

Total devengado: 88.543,39 €

A Xunta de Goberno queda sabedora.

Emprego

PRP2018/4864

Dáse conta da solicitude de axuda dentro do programa de Axudas Municipais á Contratación de Traballadores por conta allea 2018, presentada por **Dona M^a José Paulos Barcala**.

Visto o informe emitido e a proposta da Área de Formación e Emprego, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle a axuda solicitada, por importe de 3.000,00 €, por cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria, e o recoñecemento de obriga polo citado importe, con cargo á partida orzamentaria 241.470.

No prazo de 20 días hábiles desde a notificación da resolución de concesión da correspondente axuda, deberá presentar fotografía do cartel informativo da subvención (subministrado polo Departamento de Emprego) no lugar no que estea situado.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2018/4790

Dáse conta de informe do Director da Escola Municipal de Música no que fai referencia á necesidade de levar a cabo o acondicionamento acústico da Aula de Percusión, para proporcionar unha menor exposición ó ruído, non so do mestre, senón tamén do alumnado que asiste ás clases.

Dáse conta da Memoria Valorada de “Acondicionamento acústico na Aula de Percusión da Escola de Música”, redactada polo Arquitecto Municipal D. Xoán Xosé Rodríguez Cuíña, cun orzamento total de 5.150,97 € (IVE incluído).



A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a citada memoria e que as obras que figuran na mesma se leven a cabo polo Departamento Municipal de Obras.

PRP2018/4865

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Carlos Galbán Zaragoza** (Duende Instrumentos Musicales) para o subministro de diverso instrumental (Un trombón, un sete de caixas de percusión, unha frauta Piccolo e un Cello 1/2) para o correcto desenvolvemento do curso académico 2018-19, por un importe total de 3.493,95 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.62300.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2018/4866

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Carlos Galbán Zaragoza** (Duende Instrumentos Musicales) para o subministro de diverso material didáctico (partituras, cordas, soportes, atrís, e outros accesorios) para a súa reposición por deterioro do existente, por un importe total de 2.084,89 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.213.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2018/4869

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a realización do Pleno Infantil o día 20 de novembro de 2018, por importe total de 264,00 €, e adjudicar á empresa **Empresa Pereira, S.L.**, por importe de 264,00 € (IVE engadido) a prestación dun servizo polo traslado de alumnos desde os centros educativos ao Concello, con cargo á partida 2314-22624.

Así mesmo acórdase aprobar a colaboración da Policía Local na supervisión da baixada dos/as nenos/as dos autobuses escolares (diante do bar Concello na zona reservada), cun horario de chegada ás 10:15 horas e saída as 12:15 horas.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2018/4792

Dáse conta de resolución da Secretaria Xeral Técnica por delegación da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda pola que se acorda conceder a este Concello unha subvención por importe total de 12.000 € para a anualidade de 2018 para o proxecto solicitado de Mellora bombeo e impulsión de augas residuais e conexión de colector na Rúa Sobreiral, na Parroquia de Cea, segundo o proxecto presentado polo Concello.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Aceptar a subvención e as condicións contidas na convocatoria e na resolución de concesión.



Dar conta ao Departamento de Contratación para que se inicie o procedemento de licitación d obra.

PRP2018/4868

Dáse conta das solicitudes de axuda, dentro do programa de “Axudas Municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra incendios e protección dos montes 2018”, presentadas polas Comunidades de Montes que se indican a continuación.

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Laborais e o informe da do Servizo de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda a concesión das seguintes axudas, con cargo á partida 170.489:

- **Comunidade de Montes en Man Común Parroquia de Rubiáns**

Importe: 6.349,98 €

- **C.M.V.M.V. de Trabanca Sardiñeira**

Importe: 5.947,24 €

- **Comunidade de Montes Trabanca Badiña**

Importe: 2.949,28 €

- **Comunidade de Montes Vecinales Mano Común de Cea Vilagarcía**

Importe: 14.075,33 €

- **CMVMC de Guillán**

Importe: 14.981,09 €

- **CMMVMC N3006 Sobrán e Vilaxoán**

Importe: 14.197,08 €

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2018/4878

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto para a celebración dun concerto a cargo do Coro Liceo de Vilagarcía, titulado “Viaxe sonora: descubriendo o mundo, recordando a ópera”, no Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 30 de novembro de 2018, dentro da programación cultural do Concello, aboando a cantidade de 3.000 € en concepto de caché á **Asociación Coro Liceo de Vilagarcía**, con cargo á partida 334.22609.

O citado evento será patrocinado por Ticketea de conformidade co contrato aprobado en Xunta de Goberno Local de 22 de outubro de 2018, fixándose un prezo de entrada de 2,00 € e o 100% da recadación para o Concello.

Así mesmo será a cargo do Concello calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2018/4879

Dáse conta da sinatura dos convenios Económico-Culturais entre o concello de Vilagarcía e as distintas Asociacións que levan a cabo a xestión de actividade nos Centros Socio-Culturais Municipais, para a súa posterior sinatura, coa aportación económica a cada unha das seguintes Asociacións, que ascende a 1.800,00€ con cargo á partida 334.22703:

ASOCIACIÓN	C.I.F.	IMPORTE	NOME PERSOA RESPONSABLE
Circulo Artístico Deportivo Gato Negro de Carril	G-36026151	1.800,00€	Lourdes Durán Pereira
Centro Cultural e Deportivo Sixto de Solobeira	G-36016038	1.800,00€	Eduardo Oubiña Castro
Asociación Cultural Recreativa Contra Vento e Marea	G-36172260	1.800,00€	Julia Mª Balboa Coello

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar os citados convenios.



PRP2018/4880

Dáse conta da a sinatura do Convenio de Colaboración coa Entidade **Cine Clube Ádega** para a concesión dunha subvención, por importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 334.489, para actividades de carácter audiovisual, con proxeccións de films que se atopan fora do circuíto comercial actual, en versión orixinal subtitulada, durante todo o ano 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2018/4881

Dáse conta da sinatura do convenio de colaboración coa entidade **Revenidas C.B.** para a concesión dunha subvención, por importe total de 28.491,31€ con cargo á partida 334.479, para a celebración do Festival Revenidas 2018.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda aprobar o citado convenio.

PRP2018/4882

Vista a solicitude de **Asociación de usuarios de Bancos, Cajas y Seguros de España (ADICAE)**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 do Auditorio Municipal, o día 29 de novembro de 2018, en horario de 17:00 a 19:00 horas, para a celebración dunha charla formativa “Retos de los consumidores en las hipotecas y créditos: Cláusulas abusivas. Reclamaciones bancarias”, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/4883

Vista a solicitude de D. Juan Carlos Porto Bouzas, en representación de **Asociación Cultural Cortegada**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, o día 1 de decembro de 2018, a partir das 15:00 horas, para a celebración dunha xuntanza de Corais, con motivo do 25 aniversario da fundación da citada asociación, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal **e deberán ter en conta así mesmo o horario da Biblioteca Pública Municipal.**

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 247 butacas).

PRP2018/4884

Vista a solicitude de **D. Mario Javier Gallego Pareja**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 15 de novembro de 2018, en horario de 8:00 a 14:30 horas, para a representación do espectáculo Pocahontas, dirixida a escolares de Vilagarcía de Arousa, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

O prezo das entradas é de 12,00 €, e a recadación para o solicitante.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de Sala: 7 horas (estimativas) a 10,20 €/hora: 71,40 €
- Operario Auditorio: 7 horas (estimativas) a 10,20 €/hora: 71,40 €

Total: 407,50 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

PRP2018/4885

Vista a solicitude de D. Jesús Busto Peteiro, como Director Xeral da **Fundación Amigos de Galicia**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 do Auditorio Municipal, o día 7 de novembro de 2018, en horario de 10:00 a 12:00 horas, para a realización dun Taller de Autoestima e Búsqueda de emprego dirixido a usuarios7as da Fundación, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.



Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/4886

Vista a solicitude de D. Daniel Gómez Gude, en representación da **Axencia Estatal de Administración Tributaria**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 21 de novembro de 2018, en horario de 9:00 a 15:00 horas, para a celebración dun curso de investigación aduaneira dirixido ao persoal marítimo do Servizo de Vixilancia Aduaneira, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), que puidese corresponder por esta actividade.

PRP2018/4887

Vista a solicitude de D. Ernesto Sanguinetti, en representación de **Asociación RIE**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal o día 21 de novembro de 2018, en horario de 8:00 a 15:00 horas, para a representación dun espectáculo, dirixido a escolares de Vilagarcía de Arousa, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 29-09-2017) e que figura publicada na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actuación.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado.

O prezo das entradas será de entre 3 e 4 € para os/as alumnos/as, e a recadación para o solicitante.

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 754 butacas).

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Sala Principal do Auditorio: 1 día, 264,70 €
- Responsable de Sala: 7 horas (estimativas) a 10,20 €/hora: 71,40 €
- Operario Auditorio: 7 horas (estimativas) a 10,20 €/hora: 71,40 €

Total: 407,50 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2018/4870



Dáse conta da resolución da Deputación de Pontevedra, concedendo ó Concello unha subvención por importe de 13.975,67 € con destino ao financiamento do investimento “Restauración de varandas no contorno de Vista Alegre” (Exp. 2018050316), debendo estar xustificado o investimento, na súa totalidade, a 31 de decembro de 2020.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/4871

Dáse conta da resolución da Deputación de Pontevedra, concedendo ó Concello unha subvención por importe de 25.453,56 € con destino ao financiamento do investimento “Subministro de 3 cadros de mando de alumeado público para as Rúas Castelao e Romero Ortiz e Praza de Galicia” (Exp. 2018049861), debendo estar xustificado o investimento, na súa totalidade, a 31 de decembro de 2020.
A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/4872

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra a financiación do 100% do investimento denominado “Reparación con substitución de material de cobertura e dotación de portas en edificio de emerxencias”, redactado polo Arquitecto Técnico D. José M. Millán Armas, cun orzamento total de 57.045,07 € (IVE incluído), con cargo ao Plan de Obras e Servizos (Plan concellos 2018/2019).
Dar conta ao Departamento de Contratación.

PRP2018/4873

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa **Instalaciones Eléctricas Sanxenxo SLU** os traballos de revisión e posta en marcha, así como mantemento anual, que inclúe revisión, utillaxe e man de obra da instalación solar fotovoltaica existente na cuberta do edificio do Concello, por un importe de 326,00 € (IVE excluído), ao que corresponde un IVE de 68,46 € (21%), o que totaliza un orzamento de adjudicación de 394,46 € (IVE incluído), de conformidade co orzamento presentado, con cargo á partida 920.22706.

PRP2018/4874

Dáse conta de proposta da Concellería de Urbanismo en relación coa adquisición de solo e edificación, situados en Avda. López Ballesteros, con destino a ampliación da rúa.

Dáse conta da valoración realizada polo Arquitecto Técnico Municipal D. Emilio Pumar Durán, dun terreo e construción situados en Avda. López Ballesteros, entre o Pazo da Gorpelleira e a Praza de San Miguel de A Torre, que linda con vial municipal, dentro da parcela con referencia catastral 9966505MH1196N0001YO, co seguinte resultado:

- Valor unitario de mercado para este solo é de 72,00 €/m²:

$$61,69 \text{ m}^2 \times 72,00 \text{ €/m}^2 = 4.441,68 \text{ €}$$

- Valoración da construción: calcúlase a partir do seu valor residual, tendo en conta o tipo de construción e o estado de conservación:

$$50,00 \text{ m}^2 \times 115,00 \text{ €/m}^2 = 5.750,00 \text{ €}$$

Valor de mercado do terreo e construción. 10.191,68 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adquisición de 61,69 m² de terreo e 50 m² de construción na Avda. López Ballesteros (Ref. cat. 9966505MH1196N0001YO) á Comunidade



de herdeiros de Dona Enriqueta López Ballesteros, por un importe de 10.191,68 €, con cargo á partida orzamentaria 1530.600, para a ampliación da vía pública.

ASUNTOS DE FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2018/4933

Dáse conta do cumprimento da obriga de remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas do informe de seguimento de execución do Orzamento do Concello de Vilagarcía de Arousa en termos consolidados (Entidade+Organismo Autónomo), correspondente ao 3º trimestre de 2018.

Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2018/4934

